

NOVAS DE ENSINO



Do 09 ao 14 de xuño

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgullosa
de
ser docente



NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



ÍNDICE:

1. ORDE DE AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO QUE CURSA EDUCACIÓN PRIMARIA

2. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

3. INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO E A ADMISIÓN DO ALUMNADO ÁS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

4. CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO EN OPERACIÓN DE LABORATORIO

5. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO CORRESPONDENTES AO CURSO 2015/2016

6. LISTAXE DEFINITIVA DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

7. AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

8. SOLICITUDES DESESTIMADAS QUE SUPERARON E NON SUPERARON A PUNTUACIÓN MÍNIMA DAS AXUDAS ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

9. LISTAXE DEFINITIVA DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES PARA OS ASPIRANTES QUE NON ESTEAN EN POSESIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL

10. LISTAXE DEFINITIVA DOS OPOSITORES QUE DEBERÁN REALIZAR A PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA E CASTELÁN

11. PREZOS PÚBLICOS POLAS PRESTACIÓN DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE

12. OPOSICIÓN DOCENTES 2016 EN TODO O TERRITORIO

13. FORMACIÓN

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



1. ORDE DE AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO QUE CURSA EDUCACIÓN PRIMARIA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, establece, no seu artigo 20, que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de educación primaria será continua e global e que terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A súa modificación pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, afectou, entre outros aspectos, a estrutura curricular de educación primaria e a propia avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

[Para máis información preme aquí:](#)

2. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2014/2015



Orde do 2 de xuño de 2016 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2014/15, convocados pola Orde do 18 de febreiro de 2016 (Diario Oficial de Galicia número 39, do 26 de febreiro).

[Para máis información preme aquí:](#)

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



3. INSTRUCCIÓNS PARA O ACCESO E A ADMISIÓN DO ALUMNADO ÁS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



RESOLUCIÓN do 31 de maio 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2016/17.

A Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (DOG do 25 de marzo), establece o proceso de admisión para quen non reúna os requisitos académicos establecidos con carácter xeral e para aquelas persoas que, reunindo os requisitos académicos, deben

superar a proba específica definida na mesma orde, e autoriza a dirección xeral competente en materia de ensinanzas de réxime especial, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesa orde.

O prazo para a inscrición comprende desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG ata o día 20 de xuño para os ciclos de grao superior e ata o 26 de xullo para os ciclos de grao medio

[Para máis información preme aquí:](#)

4. CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO EN OPERACIÓNS DE LABORATORIO

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DECRETO 63/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio.

Formación Profesional

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas

[Para máis información preme aquí:](#)

5. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO CORRESPONDENTES AO CURSO 2015/2016



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Relación provisional do alumnado admitido e excluído dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2015/2016

[Para máis información preme aquí:](#)

6. LISTAXE DEFINITIVA DE CUALIFICACIÓNS DAS PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Listaxe definitiva de cualificacións das probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel

[Para máis información preme aquí:](#)

7. AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Universidades
de Galicia

Proposta de concesión (modalidade A) das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



Listaxe dos órganos instrutores, a partir do informe da comisión de selección, coa proposta de concesión da modalidade A das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, convocadas conxuntamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG Núm. 44, do 4 de marzo).

De acordo co artigo 9 da orde de convocatoria esta publicación ten só efectos informativos.

[Para máis información preme aquí:](#)

8. SOLICITUDES DESESTIMADAS QUE SUPERARON E NON SUPERARON A PUNTUACIÓN MÍNIMA DAS AXUDAS ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Universidades
de Galicia

Solicitudes desestimadas que superaron e non superaron a puntuación mínima das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i

Solicitudes desestimadas que superaron a puntuación mínima segundo o artigo 5 do anexo I da orde de convocatoria, pero cunha puntuación inferior á necesaria para formar parte da proposta de concesión e de lista de agarda e mais as Solicitudes desestimadas que non superaron a puntuación mínima segundo o artigo 5 do anexo I da orde de convocatoria.

[Para máis información preme aquí:](#)

9. LISTAXE DEFINITIVA DE CUALIFICACIÓNS DAS PROBAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES PARA OS ASPIRANTES QUE NON ESTEAN EN POSESIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Listaxe definitiva de cualificacións das probas de acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os aspirantes que **non estean en posesión do título de bacharel**

[Para máis información preme aquí:](#)

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



10. LISTAXE DEFINITIVA DOS OPOSITORES QUE DEBERÁN REALIZAR A PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA E CASTELÁN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Listaxe definitiva dos opositores que deberán realizar a proba de coñecemento de lingua galega e castelán no concurso-oposición ao corpo de inspectores de educación, secundaria, técnicos de FP, mestres, mestres e novas especialidades para o ano 2016

Resolucións do 10 de xuño de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a lista definitiva dos opositores que deberán realizar a **proba de acreditación do coñecemento de lingua galega e castelán**, nos procedementos selectivos de ingreso e acceso

ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Para máis información preme aquí:](#)

11. PREZOS PÚBLICOS POLAS PRESTACIÓNS DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



DECRETO 65/2016, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

O día 2 de marzo de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

Nesta norma a Xunta de Galicia establece os prezos públicos exixibles polas prestacións das residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e do Carballiño (Ourense), dependentes da Consellería de Política Social, e que están especialmente indicadas para o desfrute do tempo de lecer das familias. Principalmente

NOVAS DE ENSINO

Do 09 ao 14 de xuño de 2016



determinanse os prezos polas estadías e mantenza das persoas residentes e do servizo de comedor para os visitantes. Tamén se inclúen descontos e recargas de prezos.

A experiencia acumulada desde a entrada en vigor do decreto e a prioridade da Xunta de Galicia de executar políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, especialmente daqueles grupos de familias de especial consideración como son as familias numerosas, fan necesario modificar o réxime dos descontos establecidos no decreto.

[Para máis información preme aquí:](#)

12. OPOSICIÓNS DOCENTES 2016 EN TODO O TERRITORIO



OPOSICIÓNS DOCENTES 2016
Páxina de Oposicións do Sector de Ensino para o ano 2016. Nela poderás atopar toda a normativa que regulan os procesos selectivos, temarios ou as convocatorias e ofertas públicas de emprego de todas as Comunidades Autónomas.



[Normativa](#)

[Temario](#)

[Para máis información preme aquí:](#)

13. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓNS

[Para máis información preme aquí:](#)

CSI-F Cursos homologados

INSCRIPCIÓN

1. Busca en el Catalogo de cursos el curso que te interesa.
2. Selecciona la convocatoria (fechas de realización) y la duración en días según tu Comunidad Autónoma (30, 45 o 90 días)
3. Rellena el formulario de inscripción o identificate con tus claves de acceso
4. Recibirás un email de confirmación con tus claves de acceso a la plataforma



Cursos destacados

- USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN.Convocatoria Marzo 2016. Duración 30 días. (01/03/2016 - 31/03/2016, 101 horas)
- USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN.Convocatoria Marzo 2016. Duración 45 días. (01/03/2016 - 14/04/2016, 101 horas)
- USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN.Convocatoria Marzo 2016. Duración 90 días. (01/03/2016 - 31/05/2016, 101 horas)


• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

